

Data sinatura	Obxecto do convenio e entidades que o suscriben	Achega CPTOPT
17-4-2008	Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade <i>Editorial Compostela, S.A.</i> para promover a difusión informativa no diario <i>El Correo Gallego</i> de aspectos relacionados coa ordenación do territorio, o urbanismo, a ordenación dos usos do litoral, as infraestruturas, a seguraza viaria e o transporte en Galicia.	107.000,00 €
31-3-2008	Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo para a mellora da seguridade viaria da PO-330, avenida de Castrelos e mellora da seguraza viaria da PO-552, avenida da Florida en Vigo.	8.208.000,00 €
21-1-2008	Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vilagarcía para a construción de beirarrúas en Bamio, Cornazo e Solobeira.	2.350.222,89 €
14-12-2007	Convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para a execución do proxecto de autovía Ferrol-Vilalba: treito Cabreiros-Vilalba.	8.424.000,00 €
17-4-2008	Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade <i>Editorial Compostela, S.A.</i> para promover a difusión informativa no xornal <i>Galicia Hoxe</i> de aspectos relacionados coa ordenación do territorio, o urbanismo, a ordenación dos usos do litoral, as infraestruturas, a seguraza viaria, e o transporte en Galicia.	32.000,00 €
28-12-2007	Modificación do convenio de colaboración prorrogado o 28 de decembro de 2006 entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e a empresa pública <i>Xestión Urbanística de Lugo, S.A.</i> para o desenvolvemento da actuación porto seco de Monforte de Lemos.	0,00 €
8-2-2008	Protocolo entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Lugo para a construción do Centro Cultural-Auditorio de Lugo, adecuación e apertura do Centro de Interpretación e Museo da Romanización e edificación de vivendas protexidas.	0,00 €
11-10-2007	Resolución conxunta das consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Educación e Ordenación Universitaria, Medio Rural e Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible pola que se acorda a resolución, por motivos de interese público, do convenio de colaboración entre as consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Medio Ambiente, Educación e Ordenación Universitaria, Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzó de Limia para a construción dun edificio multiusos asinado o 17 de xuño de 2005.	0,00 €
31-10-2007	Resolución do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello de Boqueixón para a construción de beirarrúas para a seguraza viaria na AC-960. p.k. 4+500 ao 5+460.	0,00 €
2-11-2007	Resolución do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello de Nigrán para a execución do Boulevard Circunvalación (praia América) e execución de rotondas.	0,00 €
2-11-2007	Resolución do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Coristanco para a urbanización e acondicionamento da travesía de Coristanco, 2ª fase.	0,00 €
2-10-2007	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dun programa de formación no ano 2007 coa realización do máster en Administración Marítima e Xestión Portuaria.	Non ten
16-10-2007	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Ribeira para a execución e mantemento dunha condución de augas pluviais polo dominio público portuario de Aguiño.	Non ten
22-10-2007	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Nigrán para o auxilio e colaboración na vixilancia das instalacións do porto de Panxón-Nigrán no seu conxunto e a ordenación do tráfico na vía de acceso.	Non ten
20-11-2007	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para un estudo sobre eficiencia enerxética da iluminación pública no porto de Ribeira, a optimización da xestión das instalacións de subministración de enerxía eléctrica no devandito porto e sobre a implantación nel de instalacións de enerxía renovable.	10.990 €
21-12-2007	Addenda ao convenio anterior prorrogando a data de remate ata o 30 de xuño de 2008.	Non ten
14-1-2008	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e o Concello da Guarda para a execución, conservación e mantemento das obras de paseo portuario da Guarda e para a conservación e mantemento das obras de remodelación da vía portuaria da Guarda.	Non ten
18-2-2008	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Outes para o mantemento das obras de remodelación e urbanización do porto do Freixo.	Non ten
24-3-2008	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a execución e mantemento das obras de instalación dunha unidade de contedores soterrados no porto de Portonovo.	Non ten
31-3-2008	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e o Concello do Grove para a execución e mantemento das obras de urbanización para paseo peonil de madeira na zona do corgo e de instalacións de subministración de auga e enerxía eléctrica a unha fonte recreativa no porto do Grove.	Non ten
28-4-2008	Convenio entre o ente público Portos de Galicia e o <i>Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil, S.L. (Citeec, S.L.)</i> para o estudo do desenvolvemento dun modelo de comportamento mecánico e hidrodinámico de diques flotantes, transferencia de tecnoloxía e aplicabilidade en condicións reais.	118.436 €

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 16 de xuño de 2008 pola que se autorizan as ensinanzas da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia con sede na cidade de Vigo.

Co obxectivo de potenciar o importante desenvolvemento que evidencian as artes escénicas e a produción audiovisual creouse a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia con sede na cidade de Vigo (Pontevedra) por Decreto 145/2005, do 2 de xuño, modificado polo Decreto 42/2006, do 23 de febreiro.

En consecuencia, esta consellería, de conformidade co Decreto 220/2005, do 7 de xullo, polo que se establece o currículo das ensinanzas superiores de arte dramática e se regula a proba de acceso a estes

estudos, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar as ensinanzas da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia coas especialidades que figuran no anexo a esta orde.

Segundo.-Autorizar a Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar as medidas necesarias para a execución desta orde.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: Pontevedra.

Concello: Vigo.

Localidade: Vigo.

Denominación: Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Código de centro: 36024586.

Ensinanzas:

Especialidade	Opcións
Dirección de escena e dramaturxia.	Opción A. Dirección de escena Opción B. Dramaturxia
Escenografía	Opción única
Interpretación.	Opción A. Interpretación textual.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a Pemes, para o impulso de actuacións de fomento, difusión e sensibilización en materia de responsabilidade social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 5 de febreiro de 2007 asinábase o acordo denominado Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia. Acordo polo Emprego, como froito do proceso de Diálogo Social en Galicia, iniciado coa sinatura da Declaración Institucional do 5 de novembro de 2005.

O referido acordo é, á súa vez, un compendio de nove acordos entre os que se atopa o denominado Acordo a Prol da Responsabilidade Social Empresarial en Galicia.

A responsabilidade social das empresas recollíase no *Libro verde da UE (2001)*, documento xurdido do Consello Europeo de Lisboa de marzo do ano 2000, como un concepto segundo o cal as empresas deciden voluntariamente contribuír á consecución dunha sociedade mellor e un ambiente máis limpo, definición que o Foro de Expertos ampliaba e, por consenso, establecía que a RSE é a integración voluntaria no seu goberno e xestión, nas súas estratexias políticas e procedementos, das preocupacións sociais, laborais, ambientais e de respecto aos dereitos humanos que xorden da relación e o diálogo transparentes cos seus grupos de interese, responsabilizándose así das consecuencias e impactos que derivan das súas accións.

No que se refire á Comunidade Autónoma galega, enténdese que a idea de RSE está necesariamente cinguida a un contorno sociolaboral e ambiental que, unida ao desenvolvemento económico, configura os parámetros de calidade de vida que desexamos e que responde ao concepto de desenvolvemento sustentable e de competencia responsable.

Por iso, no proceso de diálogo social, as partes asinantes do Acordo a Prol da Responsabilidade Social en Galicia, acordaban apostar polo fomento da responsabilidade social empresarial no noso país, para o cal amosaban a súa conformidade para que as políticas, medidas e plans a desenvolver na materia na nosa comunidade autónoma pivotasen sobre diversos principios ou liñas de actuación dirixidos, de xeito directo, ao tecido empresarial composto na súa maioría, por pequenas e medianas empresas (Pemes).

Entre outras liñas de actuación en materia de RSE recollidas no referido acordo e destinadas ás empresas atópanse, o fomento da formación, da transparencia informativa, o impulso da implantación nas empresas de sistemas de xestión, a mellora das condicións laborais dos traballadores e traballadoras, a promoción dos valores da RSE e a creación de liñas de axuda.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin que foron establecidos,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión das axudas dirixidas ao impulso de actuacións de fomento, difusión e sensibilización no ámbito da responsabilidade social empresarial mediante o financiamento dos gastos que as pequenas e medianas empresas (Pemes) galegas leven a cabo neste eido durante o ano 2008.

Artigo 2º.-*Actuacións e gastos subvencionables.*

As actuacións subvencionables desagréganse nas seguintes liñas de actuación:

Liña I: actividades de formación que teñan como obxectivo a iniciación, cualificación ou perfeccionamento na responsabilidade social das empresas.

Para estes efectos terán a consideración de gastos subvencionables a organización ou participación das traballadoras e traballadores e do persoal directivo da empresa, en congresos, seminarios, cursos, xornadas, simposios ou similares no eido da RSE.

Liña II: actividades de fomento, difusión e sensibilización da responsabilidade social da empresa tanto de xeito interno coma externo.

Para estes efectos terán a consideración de gastos subvencionables, os gastos derivados da edición de folletos, enquisas, boletíns, publicacións, creación ou ampliación de páxinas web con contidos en materia de RSE, ou calquera outra actividade promocional que fomente a responsabilidade social da empresa de xeito interno ou externo.